



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E O CLÚSTER TIC GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA SOCIEDADE DIXITAL EN GALICIA

Antecedentes

Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

O Instituto Gallego de Promoción Económica (Igape) é a axencia, adscrita á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do IGAPE é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial. Entre os seus obxectivos destacan o impulso á creación de novas empresas e fomentar o espírito emprendedor, incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, atraer inversión a Galicia, facilitar a internacionalización das empresas galegas e apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas.

O Clúster TIC Galicia (en diante Clúster TIC) é unha asociación sen ánimo de lucro que, segundo o disposto nos seus Estatutos, ten como misión actuar como asociación na que participan as empresas, as asociacións empresariais, os colexios e asociacións profesionais e outros axentes relacionados coas TIC, co obxectivo de desenvolver estratexias para facilitar o crecemento do sector TIC en Galicia. Son fins e obxectivos da asociación a relación e cooperación entre as entidades asociadas na defensa xeral dos





seus intereses e os intereses do sector das TIC, con especial incidencia nos seguintes aspectos e obxectivos:

- Desenvolver as accións que máis potencien as capacidades das empresas asociadas.
- Xerar alianzas entre as empresas co dobre obxectivo de elevar o nivel competitivo dos produtos e servizos TIC galegos nos mercados estatais e internacionais.
- Desenvolver todo tipo de accións para favorecer o incremento da competitividade dos asociados.
- Representar aos asociados ante Institucións, administracións e medios de comunicación.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

O Igape configúrase como un organismo ca finalidade de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial. Dentro dos obxectivos que ten asignados destacan o impulso á creación de novas empresas e fomentar o espírito emprendedor, incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, atraer inversión a Galicia, facilitar a internacionalización das empresas galegas e apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas.

O 3 de decembro de 2020 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental.





Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o Clúster TIC Galicia para o fomento da Sociedade da dixital en Galicia, de cara a facilitar a realización de actuacións difusión e promoción das empresas no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia.

Existe unha identidade entre os obxectivos da Amtega, do Igape, os do Clúster TIC e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

As actuacións que se desenvolverán en base a este Convenio de Colaboración son as seguintes:

- Encontro "Tech Angels": Actuación que ten como obxectivo seleccionar e coñecer startups innovadoras non tecnolóxicas pero que precisen dun socio tecnolóxico, para atopar partners tecnolóxicos axeitados, que se involucren nos mesmos, como un xeito de acelerar a súa chegada ao mercado minimizando riscos
- Encontro "Emprendedor-Inversor": orientado ao investimento a través de fondo de capital risco, capital semente ou similares, principalmente de fora de Galicia. Centrado en seleccionar proxectos empresariais cunha forte compoñente tecnolóxica, que teñan o potencial de presentarse ante investidores privados, fundamentalmente de fora de Galicia
- Espazo de corworking para proxecto "The Break": Espazo de traballo para 16 postos, dotado de mobiliario e conexión para que as emprendedoras europeas que lle corresponde recibir ao Cluster TIC como entidade colaboradora do proxecto The Break poidan desenvolver os seus propios proxectos entre o 20 de maio e o 13 de xuño.





É evidente pois, que a achega económica do convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Desenvolver plans de formación para o crecemento da Sociedade da Información e a capacitación profesional nas tecnoloxías das comunicacións entre os profesionais e a sociedade en xeral.
- Incorporar a accesibilidade como condición indispensable das actuacións.
- Incrementar os contidos divulgativos en galego en Internet.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC.
- Impulso das vocacións científico-tecnolóxicas, especialmente entre as nenas.
- Promover á igualdade de xénero no sector das TIC.

A Amtega financiará as accións do convenio, ata un máximo de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 07.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e 2024 na seguinte proporción.

Anualidade	Importe
2023	25.000 €
2024	20.000 €

O convenio estará en vigor dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Santiago de Compostela,

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

José Luis Somoza Digón

